



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.- SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN

-EDICTO-

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
SOBER	2º-semester-2022	Taxa de auga, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia.
A POBRA DE BROLLÓN	2º-semester-2022	Taxa de auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia.
O VICEDO	2º-semester-2022	Taxa de auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia.
PARADELA	2º-semester-2022	Taxa de auga, lixo e Canon auga Xunta de Galicia.
SOBER	2º-semester-2022	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
TRABADA	2º-semester-2022	Taxa de servizo de recollida de lixo, tratamento e eliminación.

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, núm. 140- Pavillón 1- CP 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercitar, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 24 de febreiro de 2023.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019.- A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadación en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 15/03/2023 e finalizará o día 15/05/2023, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
SOBER	2º-semester-2022	Taxa de auga, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia.
A POBRA DE BROLLÓN	2º-semester-2022	Taxa de auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia.
O VICEDO	2º-semester-2022	Taxa de auga, lixo, sumidoiros e Canon auga Xunta de Galicia.
PARADELA	2º-semester-2022	Taxa de auga, lixo e Canon auga Xunta de Galicia.
SOBER	2º-semester-2022	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
TRABADA	2º-semester-2022	Taxa de servizo de recollida de lixo, tratamento e eliminación.

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, “La Caixa” - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Lugo, 24 de febreiro de 2023.- O Presidente, P. D. Decreto, de data 24/07/2019.- A Deputada Delegada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Mayra García Bermúdez.

R. 0597

ÁREA DE MEDIOAMBIENTE

Anuncio

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 3 de marzo de 2023, acordou a aprobación das bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2023.

CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ANÍMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIONES DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAJÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2023.

O texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións:

<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>

Así mesmo, as bases da devandita convocatoria e os modelos de solicitude e de xustificación tamén estarán a disposición dos interesados/as na web da Deputación de Lugo no seguinte enlace:

<http://deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/subvencionsRRBB2023>

Para os efectos oportunos, a correspondente publicación do extracto da convocatoria realizarase no BOP de Lugo.

Primeiro.- Beneficiarios

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades ou asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas, inscritas no rexistro público correspondente na data de publicación desta convocatoria, con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas de acción dos plans das ditas Reservas.

Segundo.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas legalmente constituídas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas de acción dos plans das ditas Reservas.

Estas subvencións están destinadas ao desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade de 2023, e cuxos fins contribúan ao cumprimento dalgunha das Liñas de Acción dos Plans de Acción das referidas Reservas da Biosfera.

A convocatoria inclúe dúas liñas diferenciadas:

- A LIÑA 10.2 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 26 municipios: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, Ourense, Outeiro de Rei, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, O Valadouro, Vilalba e Xermade.
- A LIÑA 10.3 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 3 municipios: Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna.

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<http://deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

As bases da convocatoria pódense consultar na web da Deputación Provincial de Lugo:

<http://deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/subvencionsRRBB2023>

Cuarto.- Contía

A cantidade destinada para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de proxectos de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2022 será de cento dez mil euros (110.000,00 €):

- A LIÑA 10.2 (Reserva da Biosfera Terras do Miño) está dotada con 60.000 €.
- A LIÑA 10.3 (Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses) está dotada con 50.000 €.

A subvención que a Deputación Provincial pode conceder estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa:

IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
1.000,00 €	7.000,00 €

Quinto.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Sexto.- Outros datos

O prazo máximo de execución da actividade subvencionada será dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro do 2023.

Cando menos, o 5% do custo total da actuación subvencionada deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.

Unha mesma entidade asociativa poderá concorrer nesta convocatoria á LIÑA 10.2 (territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño) e, do mesmo xeito, á LIÑA 10.3 (territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses). Con todo, unha mesma entidade asociativa só poderá ser beneficiaria dunha única subvención en cada liña desta convocatoria e, do mesmo xeito, só poderá presentar unha única solicitude a cada liña.

Lugo, 10 de marzo de 2023.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 26-07-2019,- O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0733

CONCELLOS**ALFOZ***Anuncio*

Conforme ao establecido nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, para o ingreso en prazas de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo, no Concello de Alfoz incluídas no Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021), cota xeral, sistema de concurso, acceso libre, e transcorrido o prazo outorgado para a presentación de instancias para a participación nestes procesos selectivos

RESOLVO:

Primeiro.- Proceder a aprobar a **lista provisional** de aspirantes admitidos e excluídos para cada un dos postos de traballo ofertado, coa indicación das causas de exclusión e indicando se é ou non emendable:

PRAZA: AUXILIAR ADMINISTRATIVO (ESCALA: ADMINISTRACIÓN XERAL)**Admisións:**

	APELIDOS	NOME	DNI/ Pasaporte/ NIE
1	FERNÁNDEZ DÍAZ	MARIA JOSELINA	***9896**
2	GEADA GARCÍA	ELVIRA	***9350**

Exclusións:

	APELIDOS	NOME	DNI/ Pasaporte/ NIE	CAUSA DE EXCLUSIÓN	EMENDABLE
1	GARCIA TORRES	MARIA ELISA	***2678**	O DNI presentado non é orixinal - con código de verificación, nin copia electrónica auténtica	SI
2	RODRÍGUEZ CABAÑAS	MIGUEL	***3652**	A documentación presentada (DNI, Titulación e nivel de galego) non é orixinal - con código de verificación, nin copia	SI

PRAZA: EDUCADOR/A FAMILIAR**Admisións:**

	APELIDOS	NOME	DNI/ Pasaporte/ NIE
1	BARREIRA CHAO	MARIA TATIANA	***9628**
2	PEDRIDO RODRÍGUEZ	LUCÍA	***7308**

Exclusións:

	APELIDOS	NOME	DNI/ Pasaporte/ NIE	CAUSA DE EXCLUSIÓN	EMENDABLE
1	VILLALBA NOVO	SARA	***8235**	A documentación presentada (DNI, Titulación e nivel de galego) non é orixinal - con código de verificación, nin copia electrónica auténtica	SI
2	MARTÍNEZ LÓPEZ	CRISTINA	***8469**	A documentación presentada (DNI, Titulación e nivel de galego) non é orixinal - con código de verificación, nin copia electrónica auténtica	SI

PRAZAS: AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR (XORNADA PARCIAL 50%)**Admisións:**

	APELIDOS	NOME	DNI/ Pasaporte/ NIE
1	RUBAL DÍAZ	CRISTINA	***3781**
2	VEIGA CANTO	MARIA LOURDES	***5203**
3	PERNAS ROMERO	JOSEFA	***5622**
4	PEDREIRA LORENZO	MARIA DOLORES	***9452**

Exclusións: Ningunha.

Segundo.- Contra esta resolución que aproba a lista provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da listaxe provisional no BOP, para presentar alegacións e subsanar a documentación.

Alfoz, 8 de marzo de 2023.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 0689

Anuncio

Conforme ao establecido nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso en prazas de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo, no Concello de Alfoz incluídas no Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema de concurso-oposición, acceso libre, e rematado o prazo outorgado para a presentación de instancias para a participación nestes procesos selectivos,

RESOLVO:

Primeiro.- Proceder a aprobar a **lista provisional** de aspirantes admitidos e excluídos para cada un dos postos de traballo ofertado, coa indicación das causas de exclusión:

PRAZA: AUXILIAR ADMINISTRATIVO – ANIMADOR TURÍSTICO (50% XORNADA)**Admisións:**

	NOME	APELIDOS	DNI/ Pasaporte/ NIE
1	MARTA	PERNAS QUIROGA	***4424**
2	ELVIRA	GEADA GARCÍA	***9350**
3	ZAIRA DEL CARMEN	FERNÁNDEZ VÁZQUEZ	***9290**

Exclusións:

	NOME	APELIDOS	DNI/ Pasaporte/ NIE	CAUSA DE EXCLUSIÓN	EMENDABLE
1	ANA	PERNAS VAL	***8253**	A instancia de solicitude non está asinada	SI
2	MARÍA	TAIBO PAZ	***0752**	A documentación presentada (DNI, Titulación e nivel de galego) non é orixinal - con código de verificación, nin copia electrónica auténtica	SI

PRAZA: OPERARIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES**Admisións:**

	NOME	APELIDOS	DNI/ Pasaporte/ NIE
1	LUCÍA	EXPÓSITO PÉREZ	***8256**
2	PEDRO	FERNÁNDEZ MARTÍNEZ	***2016**
3	PEDRO	VAL EXPÓSITO	***6631**

* Pedro Fernández Martínez e Pedro Val Expósito non acreditan estar en posesión do CELGA 1 polo que terá que realizar a proba de galego.

Exclusións: Ningunha.

Segundo.- Contra esta resolución que aproba a lista provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da listaxe provisional no BOP, para presentar alegacións.

Alfoz, 8 de marzo de 2023.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 0690

BURELA*Anuncio*

Mediante o presente anuncio faise público o Decreto de Alcaldía núm. 2023/0195, ditado con data 7 de marzo de 2023, cuxo tenor literal é o seguinte:

“Vista a instancia presentada pola «Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería e Turismo de Lugo (APEHL)», con CIF G27021005, o 02/02/2023, e rexistro de entrada núm. 2023-E-RC-388, pola que se solicita a ampliación horaria xeral de peche dos establecementos abertos ao público de ocio, hostelería e restauración,

asociados a dita entidade, en dúas (2) horas, en relación a festividade de Semana Santa para os días 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 do mes de abril de 2023.

Visto canto antecede, de conformidade co disposto nos artigos 5, letra f), e 17.2 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e 8.2 da Orde do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, en relación co establecido nos artigos 21.1, letra s), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 61.1, letra s), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia,

RESOLVO

PRIMEIRO. Establecer, consonte o disposto no artigo 9.2 da Orde do 23 de outubro de 2020, o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliarse os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, incluídos no catálogo contido no Anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, nos seguintes termos:

a) SEMANA SANTA:

* A noite que vai do 6 ao 7 de abril de 2023.

* A noite que vai do 7 ao 8 de abril de 2023.

* A noite que vai do 8 ao 9 de abril de 2023.

SEGUNDO. Autorizar nas datas sinaladas no apartado a) do dispositivo primeiro desta resolución (Semana Santa), a ampliación nunha (1) hora dos horarios xerais de peche establecidos no apartado III.2.5 do Anexo da Orde do 23 de outubro de 2020, respecto dos establecementos abertos ao público situados no termo municipal do Concello de Burela, onde se desenvolven actividades de restauración reguladas no apartado III.2.5 do Anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro.

A dita ampliación horaria seralle de aplicación ás terrazas anexas dos referidos establecementos, sempre e cando estas desenvolvan a súa actividade amparadas na preceptiva licenza de actividade e, no seu caso, na correspondente licenza ou autorización de ocupación de dominio público.

TERCEIRO. Autorizar nas datas sinaladas no apartado a) do dispositivo primeiro desta resolución (Semana Santa), a ampliación nunha (1) hora dos horarios xerais de peche establecidos no apartado III.2.7.3 do Anexo da Orde do 23 de outubro de 2020, respecto dos establecementos abertos ao público situados no termo municipal do Concello de Burela, onde se desenvolve actividade de Pub regulada no apartado III.2.7.3 do Anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro.

CUARTO. Autorizar nas datas sinaladas no apartado a) do dispositivo primeiro desta resolución (Semana Santa), a ampliación en media hora (30 minutos) dos horarios xerais de peche establecidos no apartado III.2.7.2 do Anexo da Orde do 23 de outubro de 2020, respecto dos establecementos abertos ao público situados no termo municipal do Concello de Burela, onde se desenvolve a actividade de Discoteca regulada no apartado III.2.7.2 do Anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro.

QUINTO. Informar ás persoas interesadas que esta autorización de ampliación horaria outórgase sen prexuízo do disposto no artigo 7 da Orde do 23 de outubro de 2020, que establece que o horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas ampliarase con carácter xeral media hora (30 minutos) as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites das vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.

SEXTO. Informar ás persoas interesadas, que en todo o non previsto na presente resolución, será de aplicación, respecto dos horarios de peche dos establecementos abertos ao público, e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, o establecido na dita Orde do 23 de outubro de 2020.

SÉTIMO. Informar ás persoas interesadas que esta autorización non implica, en ningún caso, a autorización ás persoas titulares dos establecementos sitios no termo municipal do Concello de Burela nos que se desenvolve, ao amparo do preceptivo título habilitante, algunha das actividades recreativas e espectáculos públicos do Catálogo de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 124/2019, do 5 de setembro, para realizar calquera outra actividade recreativa ou espectáculo público extraordinario, tanto no interior, como no exterior do establecemento, sexa en dominio público ou privado, sen suxeitarse ao disposto na dita norma regulamentaria e na vixente Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, na redacción dada pola Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e na normativa reguladora do dominio público local.

OITAVO. Informar ás persoas interesadas que o outorgamento da presente autorización, non pode dar lugar ao incumprimento dos límites de emisión e inmisión de ruídos establecidos na vixente normativa de protección fronte á contaminación acústica, para as ditas actividades, e que o eventual incumprimento destes podería determinar, no seu caso e sen prexuízo doutras responsabilidades civís ou penais, a incoación dun expediente sancionador como consecuencia da comisión dalgunha das infraccións tipificadas tanto na Lei 37/2003, do 17

de novembro, do Ruído, como na Ordenanza municipal de protección ambiental en materia de rúidos e vibracións.

NOVENO. Comunicar a presente resolución á Subdelegación do Goberno en Lugo, á xefatura territorial de Lugo, da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e ao Posto da Garda Civil de Burela, aos efectos oportunos.

DÉCIMO. Publicar, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presente resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Burela, e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e notificala ás persoas interesadas de acordo co establecido nos artigos 40 e seguintes de dita normal legal.

O ALCALDE, Alfredo Llano García.- Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.- O Secretario, José Miguel Ramos Cuba.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor alternativamente recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Alcaldía do Concello de Burela, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-Administrativa.

Se se optase por formular recurso potestativo de reposición non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que puidese estimarse máis conveniente.

Burela, 8 de marzo de 2023.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 0691

FRIOL

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE FEBREIRO DE 2023

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 6 de marzo de 2023, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de FEBREIRO de 2023, por un importe total de 6.512,97 Euros.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poda ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. No entanto, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Inícase así mesmo o procedemento de recadación, séndolles adebedados os correspondentes recibos no respectivo número de conta bancaria

Friol, 7 de marzo de 2023.- O Alcalde-Presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0692

GUNTÍN

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía de 06 de marzo de 2023, prestouse aprobación inicial ao Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao cuarto bimestre do ano 2019.

Exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guntín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, desde o 07 de marzo de 2023 ata o 07 de maio de 2023. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Guntín, 6 de marzo de 2023.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 0693

MONTERROSO

Anuncio

Por acordó de Xunta de Goberno Local de data 06 de marzo de 2023 aprobáronse as bases para a formación dunha bolsa de emprego para a provisión, mediante funcionario/a interino/a de postos de administrativo do Concello de Monterroso como persoal temporal:

- Administrativo/a funcionario interino.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Monterroso no prazo de **dez** días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio no BOP de Lugo.

Monterroso, 8 de marzo de 2023.- A Alcaldesa, Rocio Seijas Vázquez.

R. 0694

RIBADEO

Anuncio

Aprobación, exposición pública do Padrón do prezo publico pola prestación do servizo de residencia no Hospital-Asilo de San Sebastian e San Lázaro para febreiro de 2023 e apertura do período de cobramento.

Por Decreto desta Alcaldía de data **8 de marzo de 2023**, foi aprobado o seguinte Padrón de contribuíntes:

Padrón do prezo público para xaneiro de 2023 polo importe de vinte e cinco mil oitocentos e dous con setenta e catro euros (25.882,74€).

Exponse ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalo e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase, así mesmo, o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria abranguerá dende o día seguinte do Edicto que se inserirá no Boletín Oficial da Provincia e no

Taboleiro de Edictos do Concello, ao abeiro do establecido no artigo 62 da Lei 58/2003, de 17 de xaneiro, Xeral Tributaria

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria e, no seu caso das costas do procedemento de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven do presente Padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2 apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

A presente publicación, de Edito de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribadeo, 8 de marzo de 2023.- O Alcalde, Fernando Suárez Barcia.

R. 0696

RIOTORTO

Anuncio

Vistos pola Xunta de Goberno Local os padróns da taxa de subministro de auga domiciliaria no que se inclúe o canon de auga e da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos correspondentes ao terceiro cuadrimestre de 2022, acordase por unanimidade e en votación ordinaria a súa aprobación así como a súa exposición pública polo prazo de 15 días hábiles contados dende o día seguinte a publicación do edicto no BOP. De non producirse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

Contra o acordo de aprobacións dos padróns poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día inmediato seguinte ao do remate do período de exposición pública dos padróns e ante esta Xunta de Goberno Local.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Para o cobro dos mesmos os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas e fíxase como período de cobro voluntario o comprendido entre o 14 de marzo e o 14 de abril de 2023.

Finalizado o período de cobro voluntario, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de Decembro da Facenda Pública e Lei Xeral Tributaria.

No tocante o canon de auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación do edicto de exposición pública dos padróns e o anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva o amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Riotorto, 8 de marzo de 2023.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 0697

Anuncio

A Xunta de Goberno Local deste Concello, aprobou as bases en sesión extraordinaria celebrada o día 07 de marzo de 2023 que han de rexer no outorgamento de subvencións para o ano 2023.

Obxecto: O obxecto das subvencións é a realización de actividades culturais e deportivas, segundo a definición contida no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Riotorto, publicada no B.O.P. de 8 de marzo de 2007 e realizadas dende o 01/01/2023 ata o 30/11/2023.

Requisitos que deben reunir os beneficiarios: As persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades de carácter cultural ou deportivo, así como as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as

comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos ou actividades ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención. Deberán ter o seu domicilio fiscal no concello de Riotorto.

Partida presupostaria: 334-480.

Prazo de presentación de solicitudes: As solicitudes de subvención deberanse presentar no Rexistro Xeral do Concello de Riotorto, no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén poderá presentarse na forma establecida na Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Modelo de solicitude: Obrante na Secretaría Municipal.

BOP de publicación da ordenanza xeral de subvención: 8 de Marzo de 2007, 27 de Marzo de 2007 e 19 de Xaneiro de 2009.

Riotorto, 8 de marzo de 2023.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 0698

TRICASTELA

Anuncio

Expediente nº: 67/2022

Con data 9 de marzo, ditouse resolución da Alcaldía do seguinte teor literal:

RESOLUCIÓN.-

De conformidade co disposto nas Bases Xerais que regulan, xunto coas Bases Específicas, o proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, convocado para o ingreso en unha praza de persoal laboral fixo no Concello de Triacastela denominada Axente de emprego e desenvolvemento local, polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, incluída na Oferta de emprego público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (D.A. 6ª da Lei 20/2021), e publicadas no BOP nº 281 de 10 de decembro de 2022.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión.

Esta Alcaldía, en exercicio das atribucións que lle confire a lexislación vixente en materia de réxime local, pola presente, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidas/os e excluídas/os:

Lista provisional de aspirantes admitidos/as:

Nº	Apelidos e nome	DNI	Proba de Galego
1	Espín Fontal, María José	*****301D	EXENTA
2	Fernández Rodríguez, Cristina	*****434F	EXENTA
3	González Neira, Mª Soledad	*****248W	EXENTA

Lista provisional de aspirantes excluídas/os e motivos da exclusión:

Non hai lista de excluídas/os

Segundo.- De conformidade co establecido no apartado 6.1 das Bases Xerais reguladoras do proceso de selección, publicar a lista dos/as aspirantes provisionalmente admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica do Concello (<https://triacastela.sedelectronica.gal/>) e no Taboleiro de anuncios do Concello de Triacastela, concedendo un prazo de CINCO (5) DIAS HÁBILES, contados a partir do seguinte á publicación das mesmas, a fin de que se poidan efectuar alegacións.

De non presentarse alegacións á lista provisional, considerarase ésta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de cinco (5) días hábiles dende a publicación da mesma, tal e como se establece no apartado 6.2 das Bases Xerais reguladoras do proceso de selección.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

En contra desta Resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de

conformidade co establecido na LPAC, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no Art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

Mándao e asínao o Sra. alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

Triacastela, 9 de marzo de 2023.- A Alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 0726

Anuncio

Expediente nº: 67/2022

Con data 9 de marzo, ditouse resolución da Alcaldía do seguinte teor literal:

RESOLUCIÓN.-

De conformidade co disposto nas Bases Xerais que regulan, xunto coas Bases Específicas, o proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, convocado para o ingreso en unha praza de persoal laboral fixo no Concello de Triacastela denominada Arquitecto/a, polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, incluída na Oferta de emprego público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (D.A. 6ª da Lei 20/2021), e publicadas no BOP nº 281 de 10 de decembro de 2022.

Expirado o prazo de presentación de solicitude de admisión.

Esta Alcaldía, en exercicio das atribucións que lle confire a lexislación vixente en materia de réxime local, pola presente, RESOLVE

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidas/os e excluídas/os:

Lista provisional de aspirantes admitidos/as:

Nº	Apelidos e nome	DNI	Proba de Galego
1	Iglesias Piñeiro, Mª de la Concepción	*****140C	EXENTA

Lista provisional de aspirantes excluídas/os e motivos da exclusión:

Apelidos e nome	DNI	Motivo da exclusión	Causa emendable: si/non
Hermida Rodríguez, Manuel	*****169V	Solicitude presentada fóra de prazo (03/01/2023).	NON

Segundo.- De conformidade co establecido no apartado 6.1 das Bases Xerais reguladoras do proceso de selección, publicar a lista dos/as aspirantes provisionalmente admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica do Concello (<https://triacastela.sedelectronica.gal/>) e no Taboleiro de anuncios do Concello de Triacastela, concedendo un prazo de CINCO (5) DIAS HÁBILES, contados a partir do seguinte á publicación das mesmas, a fin de que se poidan efectuar alegacións.

De non presentarse alegacións á lista provisional, considerarase ésta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de cinco (5) días hábiles dende a publicación da mesma, tal e como se establece no apartado 6.2 das Bases Xerais reguladoras do proceso de selección.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento

En contra desta Resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido na LPAC, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no Art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

Mándao e asínao o Sra. alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

Triacastela, 9 de marzo de 2023.- A Alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 0727

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) DEPUTACIÓN***Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 3 DE MARZO DE 2023 POLO QUE SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACÍONS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS,2023

BDNS (Identif.) :680954

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/680954>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>).

Primeiro.- Beneficiarios

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades ou asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas, inscritas no rexistro publico correspondente na data de publicación desta convocatoria, con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas de acción dos planes das ditas Reservas.

Segundo.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas legalmente constituídas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas de acción dos plans das ditas Reservas.

Estas subvencións están destinadas ao desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade de

2023, e cuxos fins contribúan ao cumprimento dalgunha das Liñas de Acción dos Plans de Acción das referidas Reservas da Biosfera.

A convocatoria inclúe dúas liñas diferenciadas:

A LIÑA 10.2 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 26 municipios: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Lâncara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, Oural, Outeiro de Rei, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, O Valadouro, Vilalba e Xermade.

A LIÑA 10.3 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 3 municipios: Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna.

Terceiro.- Bases reguladoras

As bases da convocatoria pódense consultar na web da Deputación Provincial de Lugo:

<http://deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/subvencionsRRBB2023>

Cuarto.- Contía

A cantidade destinada para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de proxectos de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2023 será de cento dez mil euros (110.000,00 €):

A LIÑA 10.2 (Reserva da Biosfera Terras do Miño) está dotada con 60.000 €.

A LIÑA 10.3 (Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses) está dotada con 50.000 €.

A subvención que a Deputación Provincial pode conceder estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa:

IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
1.000,00 €	7.000,00 €

Quinto.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Sexto.- Outros datos

O prazo máximo de execución da actividade subvencionada será dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro do 2023.

Cando menos, o 5% do custo total da actuación subvencionada deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.

Unha mesma entidade asociativa poderá concorrer nesta convocatoria á LIÑA 10.2 (territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño) e, do mesmo xeito, á LIÑA 10.3 (territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses). Con todo, unha mesma entidade asociativa só poderá ser beneficiaria dunha única subvención en cada liña desta convocatoria e, do mesmo xeito, só poderá presentar unha única solicitude a cada liña.

LUGO, 3 DE MARZO DE 2023.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0739

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A.COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente número: A/27/23883

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Rubén Pérez Gutiérrez

Nombre del río o corriente: Pozo Pena de Cabras

Caudal solicitado: 0,27 l/seg.

Punto de emplazamiento: Fontangordo, Vilaboa

Término Municipal y Provincia: A Pontenova(Lugo)

Destino: Uso ganadero

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS:

Sondeo de 90 m. de profundidad e impulsión a depósito desde el que se distribuirá el agua a abrevaderos en varias parcelas.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de A Pontenova**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 08 de marzo de 2023.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez.

R. 0723